



MEMORIA XUSTIFICATIVA

O subdirector de Internacionalización do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar convenio cos organismos reflectidos no Anexo a esta memoria para a **acollida de bolseiros de Igape** e que estes poidan realizar prácticas en materia de internacionalización empresarial por periodos de vixencia de entre 6 e 24 meses nos anos 2019-2021.

Que estes convenios teñen por obxecto:

Estipular os obxectivos do programa, e termos da colaboración.

Que o instrumento que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Resolución do 13 de abril de 2018 pola que se da publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.

Estas bases regulan a concesión dun máximo de 40 bolsas de formación práctica -no ámbito da internacionalización empresarial- para realizar labores de investigación de mercados, estudo de empresas e a súa planificación para internacionalización e, para investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

Os posibles destinos dos bolseiros indicados nas bases son: oficinas de Igape e Xunta, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio españolas no estranxeiro, organismos multilaterais, organismos intermedios galegos, centros de investigación, empresas e/ou outros organismos en Galicia ou no estranxeiro.

O IGAPE é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da productividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

A internacionalización do tecido empresarial galego ten sido e seguirá sendo un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, calidade e impacto efectivo da internacionalización da empresa galega en 2020.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,



ANEXO: ENTIDADES ASINANTES DO CONVENIO

- Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME)
- Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA)
- Clúster Saúde de Galicia
- Confederación de Industrias Textís de Galicia – Clúster Galego Textil Moda (COINTEGA)
- Asociación Bioga – Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida